




# Plan de igualdade e diversidade do IES de Oroso



*De acordo ao establecido na instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 19/20, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional*

*Este plan avaliouno e aprobouno o Claustro e o Consello Escolar o 24 de xaneiro de 2024*



## Índice de contados

<b>1. Introducción</b> .....	<b>3</b>
<b>2. Contextualización da normativa e do centro</b> .....	<b>4</b>
2.1. Normativa autonómica, estatal e europea .....	4
2.2. Normativa do IES de Oroso.....	4
<b>3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIFOBIA</b> .....	<b>6</b>
<b>4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:</b> .....	<b>7</b>
4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes .....	7
4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.....	7
4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual .....	7
4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.....	8
<b>5. Medidas concretas de actuación</b> .....	<b>8</b>
5.1. Organización do centro para a coeducación .....	8
5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.....	8
5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo	9
5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar .....	9
<b>6. Seguimento e avaliación</b> .....	<b>10</b>



## 1. Introducción

---

A igualdade entre mulleres e homes constitúe un principio reitor das sociedades democráticas, e así se recolle en multitude de normas de ámbito internacional, estatal e autonómico.

Educar é proporcionar unha formación integral que lle permita ao alumnado unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade. Coeducar implica educar sen diferenzas as mensaxes en función do sexo. A coeducación persegue unha relación de xustiza e respecto en interese dunha formación integral da persoa e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. O sistema educativo debe eliminar os estereotipos sociais relativos ao rol de mulleres e homes, permitindo un desenvolvemento máis equilibrado e libre da personalidade, así como o acceso ás mesmas oportunidades, axudando a construír relacións entre os sexos baseadas no respecto e impulsando a participación de mulleres e de homes en todos os espazos da sociedade.

O IES de Oroso incorporou na práctica docente destes últimos anos algúns elementos que fan que os contidos relacionados coa igualdade entre homes e mulleres e o tratamento da diversidade sexual e de xénero estean presentes nas actividades docentes. Algúns exemplos destacados son:

- No curso 2021/2022, creouse un seminario sobre identidade sexual e diversidade afectivo sexual, no marco do PFPP do centro, que continuou o seu labor no curso pasado (sen estar adscrito ao programa do CAFI) no marco do grupo de igualdade e de diversidade do IES de Oroso. Creouse o blogue: <https://orosodiversidade.wordpress.com/>, no que o alumnado coa supervisión do profesorado creou contidos divulgativos diversos. Organizáronse charlas informativas sobre a diversidade afectivo-sexual (DAS) no pasado curso para os tres primeiros cursos da ESO e, en cuarto ESO, dous obradoiros “Construíndo masculinidades disidentes” e “feminismos para des-aprendernos”. Estes obradoiros están programados para no curso 23/24 e as charlas de DAS foron impartidas tamén en 2º e 3º. A iniciativa do Grupo de Diversidade tamén se realizou unha charla en 1º da ESO o curso pasado e este sobre TEA e neurodiversidade. Tamén tivo lugar a exposición “sen cancelas” do Consello da Cultura Galega no mes de febreiro e marzo, que pode consultarse en:

<https://igualdade.xunta.gal/es/actualidad/la-exposicion-sen-cancelas-recorrera-los-centros-educativos-para-dar-conocer-sin> e <https://consellodacultura.gal/evento.php?id=201532>.

- O Departamento de Orientación leva a cabo diferentes actividades, no marco do PAT (plan de acción tutorial), sobre: xénero e igualdade, sexualidade e relacións coercitivas, diversidade cultural, sexualidade responsable, uso responsable das novas tecnoloxías...

- O Departamento de Educación Física, en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, desenvolve todos os anos unha actividade o 25N, na que se versiona a letra dunha canción, adaptándoa ao galego para a conmemoración do Día Internacional da non Violencia de Xénero. Trátase dunha actividade

transversal, na que tanto o alumnado coma o profesorado participa activamente cantando e bailando, dentro dos actos organizados polo Concello de Oroso, no que participan os centros educativos da contorna.

- Emprego dunha linguaxe inclusiva co cambio do lema á entrada do centro de “*A convivencia e cousa de todos*” por “*A convivencia é cousa de todxs*”, por petición do grupo de diversidade.

- E outras moitas que se recollen nas memorias anuais do centro

Todas estas actuacións partiron do interese de docentes dun xeito individual e espontáneo, pois ata o momento non existía ningún Plan de igualdade, nin os documentos do centro teñen un tratamento específico da igualdade, da coeducación, da prevención da violencia de xénero e da diversidade afectivo-sexual que reflectan a importancia que a comunidade escolar do noso IES quere dar a estes valores.

Este plan nace co obxectivo de, por unha banda, consolidar iniciativas e actividades que xa se están realizando no centro en materia de igualdade e respecto pola diversidade sexual e de xénero, de coñecemento e validación da neurodiversidade e por outro lado, fomentar todas aquelas medidas que farán do noso instituto un centro orientado á formación de alumnado corresponsable, que defende a igualdade de xénero e é partícipe dela, que rexeita a violencia de xénero e que vive a diversidade sexual e de xénero e a neurodiversidade como unha riqueza do ser humano.

## **2. Contextualización da normativa e do centro**

---

### **2.1. Normativa autonómica, estatal e europea**

O marco lexislativo actual establece a obriga de introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre homes e mulleres no ámbito educativo. O dito marco normativo pode consultarse no portal de igualdade da CCFPU mediante a seguinte ligazón:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade> e no portal da Secretaría Xeral de Igualdade, pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade, a través da seguinte ligazón: <https://igualdade.xunta.gal/gl/documentacion-bloques-normativa>

### **2.2. Normativa do IES de Oroso**

#### **Proxecto Educativo de Centro**

O PEC do IES de Oroso, deixa patente a importancia de que a comunidade educativa do noso centro lle atribúe a esta materia, recollendo como un sinal de identidade “*a educación para a igualdade de oportunidades dos diferentes sexos, que debe contribuír para que as alumnas e alumnos sexan quen de identificar situacións de discriminación polo xénero, de analizar as súas causas, e de actuar con valores igualitarios, co obxectivo xeral da eliminación de roles e de estereotipos de carácter sexista*”. Inclúe ademais nas liñas de actuación, a utilización dunha linguaxe, actitudes e comportamentos non sexistas, así como a proposta de medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre as persoas e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.



## **Normas de Organización e Funcionamento de Centro**

Nas NOFC, recóllense como dereitos do alumnado a igualdade real e efectiva de oportunidades e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Por outra banda, no eido da orientación escolar, faise fincapé en que o centro desenvolverá as medidas compensatorias necesarias para garantir a igualdade de oportunidades baseándose unicamente nas aptitudes e aspiracións do alumnado, excluindo toda diferenciación por razóns de xénero.

### **Plan de Convivencia**

O Plan de Convivencia contempla a igualdade entre homes e mulleres na súa xustificación, e inclúe dentro dos seus obxectivos a conmemoración a nivel de centro de datas significativas en relación á non violencia e á igualdade de xénero, ademais do rexeitamento de condutas de racismo, xenofobia ou sexistas.

### **Plan de Acción Titorial e grupo de igualdade e diversidade afectivo-sexual**

No marco das actividades que impulsa o Departamento de Orientación en colaboración coas persoas titoras de cada un dos grupos do IES de Oroso, que se concretan na PXA, establécense iniciativas que:

- Promovan a igualdade de xénero no centro a partir da identificación e a análise de conflitos cotiáns e tamén globais (xénero e igualdade).

- Promovan valores, actitudes e sentimentos positivos de cara a unha sexualidade saudable (sexualidade e relacións coercitivas).

- Identificar estereotipos sexistas asociados a profesións masculinizadas (proxecto “que non te lían, ti elixes”).

A estas propostas, súmanse as do grupo de diversidade afectivo-sexual, que inclúen: accións formativas e/ou obradoiros para o alumnado sobre a igualdade de oportunidades e contra a LGTBIfobia, a visibilidade trans, a formación da masculinidade igualitaria (feminismos para des-aprender-nos) ou actividades para a conmemoración do día internacional contra a LGTBIfobia. Desenvolvéronse ademais, accións encamiñadas ao respecto, convivencia e integración do alumnado neurodiverso (TEA, TDAH, TDA...) promovendo accións formativas dirixidas á comunidade escolar: alumnado, formación do profesorado, familias.



### 3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIFOBIA

FORTALEZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Equipo docente formado por mulleres na súa maioría.</li> <li>- No cadro de persoal non existe desigualdade a nivel laboral.</li> <li>- Os currículos inclúen o tratamento transversal da igualdade, o que permite a súa contextualización.</li> <li>- A CCEFPU incentiva a participación e implementación de plans de igualdade.</li> <li>- Dende o Departamento de Orientación promóvense iniciativas a prol da igualdade coordinadas con entidades externas.</li> <li>- Existe un grupo de igualdade e diversidade afectivo-sexual.</li> <li>- Existen iniciativas individuais do profesorado/departamentos a prol da igualdade.</li> </ul>
DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Non existe unha cultura a prol da igualdade na sociedade.</li> <li>- Existencia de mensaxes misóxinas e LGTBIfóbicas nas redes sociais empregadas polos adolescentes.</li> <li>- Sociedade na que perdura e se acepta unha visión machista (repartición de tarefas do fogar, profesións, ...).</li> </ul>
OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As institucións apoian a existencia de plans de igualdade.</li> <li>- Achéganse recursos económicos para a realización e implementación de actividades que promovan a igualdade.</li> <li>- Existe un marco legal en relación coa igualdade.</li> <li>- Os medios de comunicación abordan a temática cada vez con máis frecuencia.</li> <li>- Existe formación para o profesorado en materia de igualdade e relacións afectivo-sexuais.</li> </ul>
AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade legal <i>versus</i> igualdade real. Sexismo e discriminación da comunidade LGTBI seguen presentes na sociedade.</li> <li>- Existencia de estereotipos sociais sobre competencias e capacidades entre homes e mulleres que asigna ámbitos e funcións diferenciados por sexo.</li> <li>- Os ámbitos femininos caracterízanse por peores condicións laborais e salariais.</li> <li>-Tendencia a asociar accións puntuais con desenvolvemento de plans reais.</li> </ul>



#### **4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:**

---

##### **4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**

- Coeducar: educar dende a igualdade, facendo entender que as diferenzas de sexo non condicionan as capacidades das persoas.
- Potenciar un desenvolvemento do alumnado libre de estereotipos e de roles de xénero, evitando reproducir estes durante a actividade docente.
- Valorar do mesmo xeito a homes e a mulleres, sen expresar diferentes expectativas segundo o xénero do alumnado, valorando por igual o feito de ser home e o de ser muller.
- Fomentar actividades deportivas nas que a participación de alumnas e alumnos se realice de maneira conxunta.
- Fomentar formas de expresión que fagan uso dunha linguaxe inclusiva.
- Visibilizar a presenza e as achegas das mulleres en espazos e actuacións propias do centro (carteis e outro tipo de sinalización, exposicións, actividades, días conmemorativos, festas, etc.)
- Visibilizar as mulleres nos contidos didácticos, nomeándoas e poñendo en valor a súa figura en igualdade de condicións que os homes.

##### **4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero**

- Motivar e impulsar o alumnado sobre a violencia de xénero de maneira que sexan conscientes de todas as súas manifestacións, incluídas aquelas de baixa intensidade tradicionalmente toleradas.
- Velar para que o alumnado non utilice expresións, comportamentos e actitudes violentas, sexan do tipo que sexan.
- Involucrar ao alumnado, a través dos seus órganos colexiados, na prevención, detección e posta en coñecemento deste tipo de condutas.
- Propoñer estratexias de resolución de conflitos non violentas.

##### **4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual**

- Recoñecer e respectar as diferentes maneiras de ser, sen presupor a heterosexualidade nin o xénero dos demais.
- Incorporar unha concepción ampla da familia, na cal collan as diversas estruturas familiares existentes.
- Valorar positivamente as expresións de afecto e de amor entre as persoas, independentemente do seu sexo ou do seu xénero.
- Fomentar a presenza de referentes positivos de diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Respectar a intimidade dos demais.



#### **4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia**

- Motivar e impulsar o alumnado sobre a LGTBIfobia de maneira que sexan conscientes de todas súas manifestacións, incluídas aquelas de baixa intensidade tradicionalmente toleradas.
- Velar para que o alumnado non utilice expresións, comportamentos ou actitudes LGTBIfóbicas, sexan do tipo que sexan.
- Involucrar o alumnado, a través dos seus órganos colexiados, na prevención, detección e posta en coñecemento deste tipo de condutas.
- Propoñer estratexias de resolución de conflitos non violentas.

### **5. Medidas concretas de actuación**

---

#### **5.1. Organización do centro para a coeducación**

- Revisar os documentos internos do centro para incluír a coeducación, os obxectivos de igualdade entre os sexos, a diversidade afectivo-sexual e de xénero e a pluralidade de familias. Utilizar unha linguaxe inclusiva, priorizando termos colectivos como familia (en lugar de pais e nais), alumnado, profesorado, persoas...
- Incluír a perspectiva de xénero e o principio de igualdade e de respecto da diversidade na formación inicial do novo persoal docente.
- Fomentar actividades formativas para o profesorado no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como da diversidade afectiva e sexual e da neurodiversidade.
- Formar ao persoal do centro para o uso dunha linguaxe inclusiva.
- Implicar a totalidade dos axentes da comunidade educativa nas accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade e da diversidade.
- Favorecer a representación paritaria nos órganos de goberno do centro.
- Fomentar a representatividade paritaria de delegados e delegadas de curso.
- Nomear una persoa responsable de igualdade no centro con voz no Consello Escolar.
- Empregar a linguaxe inclusiva e igualitaria en nas comunicacións e documentos do centro.
- Celebrar as datas coeducativas: 25N, 8M, e celebracións LGTBIQ.
- Difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa, por medios electrónicos e/ou físicos.
- Manter o grupo de apoio de alumnado LGTBIQ para crear un espazo seguro e educar a comunidade educativa no respecto á diversidade afectivo-sexual e de xénero e para o alumnado neurodiverso.

#### **5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes**

- Realizar accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos.





- Elaborar orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero.

- Promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.

- Impulsar a participación das familias como instrumento de acción coeducativa e diversidade afectivo-sexual e de xénero.

- Implicar as familias nunha educación non sexista e no respecto ás diferentes orientacións sexuais e á identidade de xénero.

### **5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo**

- Promover unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero, en particular poñendo en valor a vocación científica e tecnolóxica no alumnado feminino.

- Realización de actividades educativas específicas para facilitar un proxecto persoal e profesional baseado na vocación e capacidades propias, libre de condicionamentos e usos sociais baseados en roles de xénero.

- Dispoñer dun taboleiro de igualdade e diversidade.

- Xestionar as actividades do patio e as actividades complementarias (**Nadal, Entroido...**) para favorecer a inclusión. Hai alumnado neurodiverso que se satura con determinadas actividades polo ruído ou por alterar a súa rutina no centro. Anticipar con claridade pode axudar. Crear alternativas a ditas celebracións cando o alumnado así o requira.

- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades que se leven a cabo no centro.

- Promover lecturas coeducativas e de visibilidade da diversidade sexual e de xénero, da neurodiversidade a través da biblioteca do centro.

- Propoñer baños inclusivos tanto para o profesorado e persoal non docente como para o alumnado.

### **5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar**

- Formar o alumnado para identificar todas as formas de discriminación e violencia por razón de xénero, incluídas a violencia verbal e non verbal, as actitudes intimidatorias e as que disfrazadas de cordialidade ou camaradería, invaden o espazo persoal e crean malestar en quen as recibe.

- Concienciar o alumnado da necesidade de denunciar toda forma de discriminación ou violencia, e da súa corresponsabilidade na creación dun clima de convivencia baseado no respecto cara á diversidade sexual e de xénero.

- Difundir entre o alumnado as canles de comunicación ao seu dispor (xunta de delegados e delegados, representantes do alumnado no Consello Escolar, profesorado titor, departamento de orientación, equipo directivo) para dar a coñecer situacións de non respecto aos valores de igualdade de xénero.

## 6. Seguimento e avaliación

---

Este plan pretende ser un documento flexible para adecuarse á situación real do centro en cada momento, polo que está aberto á súa revisión para incluír as achegas de calquera representante da comunidade educativa a través da CCP, do Claustro e/ou do Consello Escolar.

Co fin de realizar o seguimento e avaliación deste documento, empregaranse os seguintes indicadores:

- Mantemento actualizado do taboleiro de igualdade no centro.
- Uso non sexista dos espazos de lecer do centro.
- Uso dunha linguaxe non sexista e inclusiva nos documentos do centro.
- Presenza igualitaria de alumnas e alumnos nos seus órganos de representación.
- Número de condutas contrarias ás normas de convivencia que inclúan un tratamento sexista ou contra a igualdade de xénero.
- Emprego de materiais didácticos coeducativos.
- Conmemoración das datas coeducativas: 25N, 8M e celebracións LGTBI
- Desenvolvemento de talleres e actividades educativas para un futuro libre de estereotipos de xénero.